


Recomendacións de verán 2020



MIRANDO CON OUTROS OLLOS

LA REINA DEL SUR



**Gustoume moito, porque trata un tema moi actual:
o tráfico de drogas.**

**Pareceume moi interesante a historia da
protagonista**

Paula Botana

DETECTIVE CONAN



Gustoume porque é un comic manga dun neno detective.

Pablo Cambeiro

IQBAL MASIH



Narra a vida de Iqbal Masih, un neno pakistaní dunha familia cristián pobre que foi vendido a un fabricante de alfombras e converteuse cos anos nun símbolo contra a explotación infantil.

É unha historia para coñecer e reflexionar.


NUESTRA SALVAJE JUVENTUD



Este libro gustoume porque trata temas da adolescencia que nos afectan moi directamente.

Sara Salgado

LA PEQUEÑA CORAL DE LA SEÑORITA COLLIGNON



É a historia dunha profesora que comeza a dar clase nun colexio multicultural cun alumnado problemático. Ao contrario que os demais trata aos seus alumnos con cariño e decide crear un coro con eles. Os alumnos devolveranlle o favor.

Uxía López

LAS AVENTURAS DE TOM SAWYER



É un libro que che abre portas, cunha lectura que enganxa, métete na gran aventura e non che fai perder nin un segundo de emoción.

O autor navegou polo río Misisipi, o que queda reflectido na obra.

Martina Estévez

AFTER: AQUÍ EMPIEZA TODO



Este libro explícanos como é estar nunha relación tóxica e todo o que nos pode chegar a danar o amor, o cal non nos contan na maioría das obras. Penso que todo o mundo debería ler este libro e con máis razón, na adolescencia.

Andrea Rodríguez

MALDITO KARMA



Neste libro unha muller insatisfeita, a pesar de telo todo, morre e reencárnase en diferentes animais e durante esta experiencia darase de conta do que é realmente importante na vida. É unha fábula coa súa moralexa final.

Nicolás Palomo